

## Regulamento, do 18 de xullo de 2024, de organización e funcionamento do Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña

Texto consolidado

Última modificación: acordo do 25 de marzo de 2026, publicado no Taboleiro Electrónico Oficial o 13 de maio de 2026

CAPÍTULO I. O Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña .....	2
Artigo 1. O Servizo de Biblioteca .....	2
Artigo 2. Funcións do Servizo de Biblioteca .....	2
Artigo 3. Estrutura do Servizo de Biblioteca .....	3
Artigo 4. A Biblioteca Central .....	3
Artigo 5. O persoal do Servizo de Biblioteca .....	4
Artigo 6. Órganos de dirección e xestión do Servizo de Biblioteca .....	4
Artigo 7. A autoridade académica .....	4
Artigo 8. A xefatura do Servizo de Biblioteca .....	5
Artigo 9. A Comisión da Biblioteca Universitaria .....	6
Artigo 10. A Xunta Técnica da Biblioteca Universitaria .....	7
Artigo 11. As comisións das bibliotecas de centro e intercentros .....	8
Artigo 12. As direccións das bibliotecas de centro e intercentros .....	9
CAPÍTULO II. Recursos de información do Servizo de Biblioteca .....	9
Artigo 13. As coleccións da Universidade .....	9
Artigo 14. Adquisición de recursos .....	9
Artigo 15. Acceso e préstamo .....	10
CAPÍTULO III. Recursos económicos .....	10
Artigo 16. Orzamento do Servizo de Biblioteca .....	10
CAPÍTULO IV. Persoas usuarias .....	10
Artigo 17. As persoas usuarias da Biblioteca Universitaria .....	10
Artigo 18. Identificación das persoas usuarias .....	10
Artigo 19. Dereitos das persoas usuarias .....	11
Artigo 20. Deberes das persoas usuarias .....	11
Artigo 21. Efectos persoais das persoas usuarias .....	12
Artigo 22. Horario da Biblioteca Universitaria .....	12
CAPÍTULO V. Servizos .....	12

Artigo 23. Medios e servizos do Servizo de Biblioteca.....	12
CAPÍTULO VI. Disciplina.....	13
Artigo 24. Incumprimento das normas e medidas correctoras .....	13
Artigo 25. A alteración da orde da Biblioteca Universitaria .....	14
Artigo 26. A interrupción do acceso aos recursos electrónicos.....	14
Artigo 27. Prohibición da utilización dos servizos bibliotecarios.....	14
Artigo 28. Devolución de préstamos por perda da condición de usuario/a da Biblioteca Universitaria.....	15
Disposición final primeira. Derrogación normativa.....	15
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	15
ANEXO I. Servizo de Biblioteca da UDC.....	16

## **CAPÍTULO I. O Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña**

### **Artigo 1. O Servizo de Biblioteca**

1. O Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña (UDC) é a unidade funcional que lle ofrece apoio á comunidade universitaria cos recursos e cos servizos necesarios para facilitar a aprendizaxe, a docencia e a investigación.
2. O Servizo de Biblioteca está integrado polo seu persoal, polos recursos de información tanto impresos como electrónicos e polos equipamentos.
3. Para poder cumprir as súas funcións, o Servizo de Biblioteca disporá dun cadro de persoal suficiente, dunha organización racional dos servizos, dunha infraestrutura axeitada e dun orzamento específico.

### **Artigo 2. Funcións do Servizo de Biblioteca**

Son funcións do Servizo de Biblioteca as seguintes:

- a) Seleccionar, adquirir e organizar os recursos bibliográficos, documentais e de información da UDC de acordo coas necesidades das persoas usuarias, así como garantir o acceso da comunidade universitaria tanto aos recursos propios como aos externos dispoñibles.
- b) Procesar, preservar e conservar os fondos bibliográficos e documentais, e garantir o seu control e a súa utilización en condicións axeitadas.
- c) Organizar, manter e administrar o repositorio institucional da UDC.
- d) Manter as ferramentas necesarias para a busca de información que faciliten o acceso aos recursos que a conteñen.
- e) Difundir e promover a formación da comunidade universitaria en competencias dixitais e informacionais para o uso dos recursos e dos servizos bibliotecarios.

- f) Atender as demandas de formación do seu persoal respecto das novidades tecnolóxicas e dos cambios de funcións e de procesos.
- g) Prestar apoio nos procesos de creación de coñecemento na UDC, especialmente na publicación e na difusión dos resultados dos devanditos procesos.
- h) Colaborar coa Unidade de Análise e Xestión de Datos nos traballos relacionados coa bibliometría.
- i) Colaborar co Servizo de Publicacións.
- j) Participar en redes, programas e convenios que teñan por obxecto a mellora dos servizos e o mellor aproveitamento dos recursos bibliotecarios.

### **Artigo 3. Estrutura do Servizo de Biblioteca**

1. O Servizo de Biblioteca estrutúrase como un sistema bibliotecario único, descentralizado e coordinado nos seus diferentes puntos de servizo.
2. O Servizo de Biblioteca está constituído pola Biblioteca Central e polas bibliotecas de centro e intercentros.

Os institutos e outros servizos universitarios utilizarán os recursos bibliográficos e os servizos das bibliotecas de centro ou intercentros con que garden maior afinidade ou, no caso de ser interdisciplinares, da Biblioteca Central.

3. Todos os puntos de servizo dependerán funcionalmente da xefatura do Servizo de Biblioteca e organicamente da Xerencia ou do departamento que se determine nos Estatutos da UDC. Rexeranse polo principio de unidade funcional e actuarán de forma coordinada para ofrecer un mesmo nivel de calidade na atención ás persoas usuarias.

### **Artigo 4. A Biblioteca Central**

1. Na Biblioteca Central reúnense a xestión e as coleccións centralizadas, amais dos servizos xerais.
2. A Biblioteca Central ocúpase da coordinación dos servizos ás persoas usuarias e dos procesos técnicos. Tamén, en xeral, de planificar e de implantar todas as actividades necesarias para garantir o bo funcionamento do sistema bibliotecario.
3. A Biblioteca Central estrutúrase en seccións, transversais a todo o Servizo de Biblioteca, que se encargarán da xestión de determinadas tarefas ou áreas especializadas. Á fronte de cada unha destas seccións haberá unha xefatura coas seguintes funcións:
  - a) Dirixir o persoal que realice os traballos asignados á sección.
  - b) Coordinar o traballo da sección coas bibliotecas de centro ou intercentros e coas outras seccións.
  - c) Analizar e coñecer as necesidades e as expectativas das persoas usuarias da sección para garantir unha oferta adecuada de servizos.

- d) Coordinar o funcionamento dos diferentes puntos de servizo no ámbito da sección, co fin de conseguir que sexa homoxéneo en todas as bibliotecas.
- e) Elaborar os informes e subministrar os datos do ámbito da súa sección que lle sexan solicitados pola xefatura do Servizo de Biblioteca.
- f) Aquelas outras que, no ámbito da súa sección, lle encomende a xefatura do Servizo de Biblioteca.

### **Artigo 5. O persoal do Servizo de Biblioteca**

O cadro de persoal do Servizo de Biblioteca estará constituído por persoal funcionario que pertenza aos corpos de persoal facultativo, de axudantes e de auxiliares de arquivos e de bibliotecas. O Servizo de Biblioteca poderá contar, ademais, con persoal técnico, administrativo, auxiliar e subalterno.

Este persoal terá como función prioritaria facilitar o acceso das persoas usuarias aos servizos da Biblioteca Universitaria. Así mesmo, deberá cumprir e facer cumprir este regulamento e as restantes normas e directrices do Servizo de Biblioteca, e actuará suxeito aos cambios e á evolución do servizo.

### **Artigo 6. Órganos de dirección e xestión do Servizo de Biblioteca**

O Servizo de Biblioteca diríxese e xestiónase a través dos seguintes órganos:

- a) a autoridade académica;
- b) a xefatura do Servizo de Biblioteca;
- c) a Comisión da Biblioteca Universitaria;
- d) a Xunta Técnica da Biblioteca Universitaria;
- e) as comisións das bibliotecas de centro e de intercentros;
- f) as direccións das bibliotecas de centro e de intercentros.

### **Artigo 7. A autoridade académica**

1. O Servizo de Biblioteca realiza as súas funcións baixo a dirección e a coordinación da reitora ou do reitor ou, de ser o caso, da vicerreitora ou do vicerreitor en quen delegue.

2. Correspóndelle á autoridade académica:

- a) Presidir a Comisión da Biblioteca Universitaria;
- b) Proporlles aos órganos de goberno da UDC as resolucións ou disposicións que lle afecten á organización e ao funcionamento do Servizo de Biblioteca, así como supervisar a súa execución e o seu cumprimento;
- c) Establecer a normativa que con carácter xeral rexerá o funcionamento do Servizo de Biblioteca;

d) Calquera outra función que este regulamento ou outra disposición ou órgano lle atribúan.

## **Artigo 8. A xefatura do Servizo de Biblioteca**

1. A xefatura do Servizo de Biblioteca é a responsable da xestión e do funcionamento do servizo.

2. As funcións da xefatura do Servizo de Biblioteca son as seguintes:

a) Proporlle á Comisión da Biblioteca Universitaria (a partir de agora, a Comisión) a planificación estratéxica plurianual do Servizo de Biblioteca, de acordo coas resolucións e coas disposicións que aproben os órganos de goberno da Universidade.

b) Dirixir, organizar e xestionar o Servizo de Biblioteca.

c) Coordinar e homoxeneizar o funcionamento dos diferentes puntos de servizo.

d) Determinar as responsabilidades das diferentes seccións e das bibliotecas de centro sobre os procedementos e sobre os procesos da Biblioteca Universitaria.

e) Proporlle á Xerencia o cadro de persoal do Servizo de Biblioteca, de acordo coas directrices que aquela estableza.

f) Elaborar o anteproxecto de orzamento do material bibliográfico do Servizo de Biblioteca segundo os criterios previamente sinalados pola Comisión, así como o anteproxecto de orzamento dos gastos de funcionamento da súa competencia.

g) Elaborar a memoria anual de xestión e de funcionamento do Servizo de Biblioteca e presentarlle á Comisión.

h) Participar na elaboración e no desenvolvemento dos proxectos de instalacións e de equipamento, así como de reestruturación ou de supresión, que afecten ao Servizo de Biblioteca, e informar sobre eles a Comisión.

i) Proporlle á Comisión proxectos de reforma ou de modificación deste regulamento ou doutras normas de funcionamento do Servizo de Biblioteca, logo de oír a Xunta Técnica da Biblioteca Universitaria (a partir de agora, a Xunta Técnica).

j) Representar o Servizo de Biblioteca ante as autoridades, ante os órganos de goberno da UDC e ante outras institucións, segundo as indicacións da autoridade responsable.

k) As funcións propias da secretaría da Comisión.

l) Propor e organizar cursos de formación e de perfeccionamento do persoal adscrito ao servizo, de acordo co Servizo de Persoal Técnico de Xestión e Administración e Servizos.

m) Todas aquelas outras que, no ámbito da súa competencia, lle sexan atribuídas pola autoridade académica de que dependa o servizo.

## Artigo 9. A Comisión da Biblioteca Universitaria

1. A Comisión da Biblioteca Universitaria é o órgano colexiado a través do cal a comunidade universitaria participa na planificación, no desenvolvemento e na xestión da Biblioteca Universitaria da UDC.

2. A Comisión da Biblioteca Universitaria estará integrada polas seguintes persoas:

a) Presidencia: a reitora ou o reitor ou a vicerreitora ou o vicerreitor competente en quen delegue.

b) Vogalías:

– A xerenta ou o xerente.

– Tres persoas presidentas das comisións das bibliotecas de centro ou de intercentros que elixirá o Consello de Goberno. Deberán estar representadas as distintas ramas de coñecemento en que se estrutura o ensino oficial universitario.

– Dúas persoas representantes do alumnado, elixidas polo Consello de Goberno. Cando menos unha delas será de terceiro ciclo.

– Unha persoa representante da Xunta Técnica elixida e nomeada de entre as persoas que a integran.

c) Secretaría: quen ocupe a xefatura do Servizo de Biblioteca ou a persoa deste servizo en quen delegue, con voz e voto.

Por razóns de interese ou de importancia dos temas para tratar, poderán asistir ás xuntanzas da Comisión, con voz, mais sen voto, aquelas persoas que invite a presidencia.

A duración do mandato das persoas nomeadas será de catro anos, agás no caso do estudantado, en que será de dous.

A condición de persoa integrante da Comisión non se poderá delegar no caso das persoas que ocupen as vogalías.

3. Son funcións da Comisión da Biblioteca Universitaria as seguintes:

a) Aprobar a planificación estratéxica plurianual e os obxectivos anuais do Servizo de Biblioteca presentados pola xefatura do servizo.

b) Propor melloras para o funcionamento dos servizos.

c) Propor os criterios e as recomendacións xerais para a elaboración e para a distribución do orzamento propio.

d) Informar dos proxectos de instalacións e de equipamentos, así como da modificación ou da supresión dos existentes.

e) Aprobar as liñas xerais de desenvolvemento das coleccións e a memoria anual do Servizo de Biblioteca.

- f) Aprobar as normas que desenvolvan este regulamento.
- g) Resolver aquelas cuestións relativas ao Servizo de Biblioteca que presente a persoa presidenta ou un terzo, como mínimo, dos membros da Comisión.
- h) Asesorar e trasladar propostas en todos os asuntos que, pola súa importancia, se xulgue necesario someter á súa consideración e que non puideren resolver mediante a aplicación deste regulamento.
- i) Propor, examinar e aprobar propostas de modificación deste regulamento e de calquera outra normativa do Servizo de Biblioteca.

4. A Comisión reunirse polo menos unha vez ao ano, ademais de sempre que a convoque a súa presidencia por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo das persoas que a integran.

#### **Artigo 10. A Xunta Técnica da Biblioteca Universitaria**

1. A Xunta Técnica é un órgano consultivo de apoio e asesoramento do Servizo de Biblioteca en cuestións de carácter técnico ou de réxime interno.

2. A Xunta Técnica estará integrada polas seguintes persoas:

- a) Presidencia: quen ocupe a xefatura do Servizo de Biblioteca.
- b) Vogalías:
  - as directoras ou os directores das bibliotecas de centro e de intercentros.
  - as xefaturas de sección da biblioteca.
- c) Secretaría: unha persoa bibliotecaria da Biblioteca Central, sen voz nin voto, que será elixida pola Xunta Técnica por un período renovable de dous anos.

Por razóns de interese ou de importancia dos temas para tratar, poderán asistir ás reunións da Xunta Técnica, con voz mais sen voto, aquelas persoas que invite a xefatura do Servizo de Biblioteca.

3. Son funcións da Xunta Técnica as seguintes:

- a) Asesorar e informar a xefatura do Servizo de Biblioteca e as xefaturas de sección daquelas cuestións técnicas e organizativas sobre as que lle soliciten información.
- b) Realizar propostas sobre calquera cuestión de interese para o Servizo de Biblioteca.

4. A Xunta Técnica reunirse periodicamente para tratar os asuntos relativos ás súas competencias, polo menos dúas veces ao ano, ademais de sempre que a convoque a súa presidencia por propia iniciativa ou por solicitude da metade máis unha das persoas que a integran.

## Artigo 11. As comisións das bibliotecas de centro e intercentros

1. As comisións das bibliotecas de centro e intercentros son órganos colexiados que se encargan da participación da comunidade universitaria de cada centro na xestión da súa biblioteca.

2. Cada comisión da biblioteca de centro estará composta polos seguintes membros:

- A decana ou o decano, ou a directora ou o director do centro, ou a persoa en quen delegue, que a presidirá.
- A directora ou o director da biblioteca do centro
- Seis persoas representantes do persoal docente e investigador (PDI) elixidas pola xunta de centro. Deberá haber, polo menos, unha persoa de cada un dos departamentos adscritos ao centro se non superan o número de seis.
- Tres persoas representantes do estudantado elixidas de entre o alumnado que o representa na xunta de centro.
- Unha persoa do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) da biblioteca do centro.

A presidencia da comisión designará a persoa secretaria da comisión de entre as persoas que a integran.

O decanato ou a dirección do centro comunicaralle á dirección da biblioteca as persoas que integran a comisión da biblioteca de centro.

3. Cada comisión de biblioteca intercentros estará integrada polas seguintes persoas:

- A decana ou o decano, ou a directora ou o director de centro con maior antigüidade no cargo, que a presidirá. A presidencia será rotatoria e renovarase cada dous anos.
- A directora ou o director da biblioteca intercentros.
- As decanas ou os decanos, e as directoras ou os directores de centro que non presidan a comisión.
- Seis persoas representantes do PDI elixidas polas xuntas de centro. Deberá haber, polo menos, unha persoa de cada un dos departamentos adscritos aos centros se non superan o número de seis.
- Unha persoa representante do estudantado por cada centro participante na comisión, elixida de entre as persoas que representan o alumnado na xunta de centro.
- Unha persoa do PTXAS da biblioteca intercentros.

A presidencia da comisión designará a persoa secretaria da comisión de entre as persoas que a integran.

A persoa decana ou directora do centro que ocupe a presidencia comunicaralle á dirección da biblioteca as persoas que integran a comisión da biblioteca intercentros.

## **Artigo 12. As direccións das bibliotecas de centro e intercentros**

As persoas que dirixan as bibliotecas de centro ou intercentros teñen, entre as súas funcións, as seguintes:

- a) Exercer a dirección técnica e administrativa da biblioteca de centro ou intercentros de que son responsables.
- b) Organizar e dirixir os traballos do persoal ao seu cargo.
- c) Asumir a responsabilidade última sobre a selección da colección, que responderá sobre todo a criterios acordados coas liñas de xestión de coleccións propias, e favorecer a participación da comunidade universitaria neste proceso.
- d) Elaborar as estatísticas e os informes que lles sexan solicitados pola xefatura do Servizo de Biblioteca, así como proporcionarlle calquera outra información que lles solicite.
- e) Informar sobre propostas de mellora ou sobre problemas específicos da biblioteca de que son responsables.
- f) Recoller e analizar as suxestións que lles fagan chegar as persoas usuarias da biblioteca.
- g) Representar a biblioteca de centro ou intercentros.
- h) Aquelas outras que, no ámbito da súa competencia, lles encomende a xefatura do Servizo de Biblioteca.

## **CAPÍTULO II. Recursos de información do Servizo de Biblioteca**

### **Artigo 13. As coleccións da Universidade**

1. As coleccións existentes nas bibliotecas da UDC son conxuntos organizados e seleccionados de documentos, con independencia do seu soporte, da súa forma de acceso, do seu modo de adquisición e da súa localización. O seu obxectivo fundamental é satisfacer as necesidades de información da comunidade universitaria, para atender os seus fins de aprendizaxe, de docencia, de investigación e de difusión da cultura e da ciencia.
2. As coleccións serán de diferentes clases segundo as súas características. Cada unha delas poderá requirir técnicas de acceso, de tratamento e de xestión bibliotecaria e documental diferentes.

### **Artigo 14. Adquisición de recursos**

1. Todos os documentos adquiridos polo Servizo de Biblioteca, ou aqueles outros a que se teña dereito de acceso, serán procesados e incluídos no catálogo e nos sistemas de información da Biblioteca Universitaria, de acordo coas normas técnicas en vigor. O obxecto deste proceso é, entre outros, promover o seu coñecemento e o seu uso entre a comunidade universitaria.

2. Os documentos adquiridos polo Servizo de Biblioteca recibirán o preceptivo trámite administrativo e o tratamento bibliotecario correspondente, co fin de mellorar a súa accesibilidade, a súa preservación e o seu coñecemento.

### **Artigo 15. Acceso e préstamo**

O réxime de acceso e as condicións de préstamo estarán condicionados polas características dos elementos individuais das diferentes coleccións, así como por razóns de conservación, de seguridade, de dereitos da persoa autora e de licenza de uso.

## **CAPÍTULO III. Recursos económicos**

### **Artigo 16. Orzamento do Servizo de Biblioteca**

1. O Servizo de Biblioteca disporá dun orzamento anual que lle permita cumprir os seus fins e atender os gastos derivados da adquisición de material bibliográfico e documental, así como os gastos do seu funcionamento.
2. O orzamento anual do Servizo de Biblioteca estará incluído no orzamento anual da UDC.
3. O Servizo de Biblioteca poderase beneficiar doutros investimentos financeiros procedentes da propia UDC ou de institucións ou persoas alleas a ela.
4. As persoas responsables da execución orzamentaria dos recursos que se lle asignen ao Servizo de Biblioteca seguirán os procedementos regulares establecidos na UDC.
5. As tarifas aplicadas polo Servizo de Biblioteca para o préstamo interbibliotecario serán as aprobadas polos órganos universitarios competentes.

## **CAPÍTULO IV. Persoas usuarias**

### **Artigo 17. As persoas usuarias da Biblioteca Universitaria**

1. A Biblioteca Universitaria conta con dous tipos de persoas usuarias: as propias e as autorizadas externas.
2. Son persoas usuarias propias da UDC aquelas que forman parte da comunidade universitaria: alumnado, PDI, PTXAS e, en xeral, todas as persoas con vinculación contractual coa UDC.
3. Son persoas usuarias autorizadas externas as que, sen estar incluídas no apartado anterior, sexan maiores de 18 anos e obteñan permiso de conformidade coa normativa que aprobe a Comisión da Biblioteca Universitaria.

### **Artigo 18. Identificación das persoas usuarias**

Para poder facer uso das instalacións e dos servizos da Biblioteca Universitaria cómpre estar en posesión do carné universitario, de credenciais da UDC ou dunha acreditación de persoa usuaria autorizada externa. A persoa usuaria que acceda ás

instalacións da biblioteca deberá ter consigo a súa acreditación e mostrarlle ao persoal se lle fose requirido. A acreditación é persoal e intransferible.

### **Artigo 19. Dereitos das persoas usuarias**

Nas súas relacións coa Biblioteca Universitaria, as persoas usuarias teñen os seguintes dereitos:

- a) Acceder ás bibliotecas da Universidade e utilizar os seus servizos e as súas instalacións nos termos establecidos neste regulamento e nas demais normas de funcionamento da biblioteca. As bibliotecas garantirán as condicións de accesibilidade necesarias para as persoas con discapacidade e con limitacións de mobilidade.
- b) Dispor de recursos de información de calidade, con contidos adecuados nos ámbitos da docencia e da investigación da UDC.
- c) Dispor de espazos e de infraestruturas en condicións idóneas para a consulta e para o estudo.
- d) Ser tratadas con corrección e con consideración polo persoal bibliotecario.
- e) Ser informadas das normas, das instrucións e das directrices que regulan o funcionamento da Biblioteca Universitaria e dos seus servizos.
- f) Formular reclamacións, queixas, suxestións e outros comentarios sobre a biblioteca e os seus servizos.
- g) Participar na mellora do servizo a través das canles á súa disposición para ese fin.
- h) Recibir información, orientación e asesoramento do persoal bibliotecario.
- i) Recibir sesións formativas para obter un completo aproveitamento dos recursos e dos servizos.
- j) Ter garantida a confidencialidade dos seus datos persoais e de emprego da biblioteca.

### **Artigo 20. Deberes das persoas usuarias**

Coa finalidade de asegurar un funcionamento correcto e eficiente do servizo, así como a equidade do seu uso, as persoas usuarias da Biblioteca Universitaria teñen os seguintes deberes:

- a) Cumprir este regulamento e as demais normas de funcionamento da biblioteca e dos seus servizos.
- b) Empregar os espazos, as instalacións, os servizos e os demais recursos da Biblioteca Universitaria, observar as normas básicas de comportamento social e respectar os dereitos das demais persoas.
- c) Respectar a integridade das instalacións, dos equipamentos, dos recursos e dos servizos e utilízalos para os usos previstos e permitidos.

- d) Respetar o patrimonio bibliográfico da UDC, coidar da súa integridade, así como facer un uso lexítimo e responsábel dos recursos electrónicos baixo licenza que a Biblioteca Universitaria pon á súa disposición.
- e) Cumprir a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual, así como calquera outra lei ou norma aplicábel ao servizo bibliotecario.
- f) Identificarse como persoa usuaria acreditada cando así o soliciten o persoal da Biblioteca Universitaria ou as persoas que integran o Servizo de Vixilancia e Seguridade da UDC.
- g) Respetar as condicións de silencio, de seguridade, de limpeza e de orde das instalacións bibliotecarias, incluída a disposición do mobiliario.
- h) Ser respectuosas co persoal das bibliotecas e co resto de persoas que colaboran na prestación do servizo bibliotecario (vixilancia, limpeza, mantemento etc.).
- i) Atender as indicacións e os requirimentos do persoal bibliotecario.
- j) Responsabilizarse dos seus efectos persoais dentro das instalacións bibliotecarias.

#### **Artigo 21. Efectos persoais das persoas usuarias**

A Biblioteca Universitaria non asumirá ningunha responsabilidade polos danos e polas perdas que se puideren producir nos efectos persoais das persoas usuarias por causa de subtracción, de perda ou de deterioración que ocorriren no interior das bibliotecas.

#### **Artigo 22. Horario da Biblioteca Universitaria**

O uso das instalacións bibliotecarias realizarase dentro dos horarios establecidos. Co fin de que as bibliotecas estean totalmente desaloxadas ao finalizar o seu horario de apertura ao público, o persoal ao cargo do servizo avisará do seu peche coa suficiente antelación.

### **CAPÍTULO V. Servizos**

#### **Artigo 23. Medios e servizos do Servizo de Biblioteca**

1. O Servizo de Biblioteca terá por obxectivo servir de soporte documental, bibliográfico e informativo aos procesos de aprendizaxe e de investigación. Para este cometido conta cos seguintes medios:

- a) Unha colección propia, impresa e electrónica, maioritariamente de libre acceso e debidamente organizada para a súa consulta *in situ*, a domicilio ou de xeito remoto.
- b) O acceso a coleccións externas que complementan a propia, tanto impresas como electrónicas.
- c) Unhas instalacións cun número adecuado de postos de lectura, así como de puntos de acceso a Internet, ademais de espazos e dun ambiente axeitado para o estudo individual e para o traballo en grupo.

d) Persoal capacitado para resolver as demandas de información das persoas usuarias.

2. Con estes medios, o Servizo de Biblioteca oferta, principalmente, os seguintes servizos:

a) Salas de lectura para o estudo individual e traballo de grupo. As salas contarán cos equipamentos e tecnoloxías que permitan o uso de documentos multimedia e o estudo por parte das persoas usuarias.

b) Acceso aos recursos de información tanto adquiridos como xerados pola UDC dedicados á aprendizaxe, á docencia ou á investigación.

c) Uso do servizo de información bibliográfica, que inclúe axuda no uso dos recursos e atención personalizada.

d) Acceso aos documentos: préstamo a domicilio e préstamo interbibliotecario.

e) Formación con vistas ao desenvolvemento de competencias dixitais e informacionais.

f) Apoio e asesoramento ao persoal investigador para publicar e difundir resultados de investigación.

A prestación dos distintos servizos poderá ser regulada por normativas específicas, que tratarán sobre as condicións de acceso e, cando proceda, as medidas sancionadoras oportunas.

## **CAPÍTULO VI. Disciplina**

### **Artigo 24. Incumprimento das normas e medidas correctoras**

1. O incumprimento das normas establecidas neste regulamento ou das que o desenvolvan, nomeadamente dos deberes das persoas usuarias e das normas establecidas para o uso dos fondos, das instalacións e/ou o servizo de préstamo, suporá a aplicación dalgunha das seguintes medidas correctoras:

a) Advertencia verbal ou escrita á persoa usuaria do uso indebido do recurso ou do servizo.

b) Privación do acceso aos recursos electrónicos.

c) Expulsión da persoa usuaria das instalacións da Biblioteca Universitaria.

d) Suspensión do uso dos servizos bibliotecarios durante un período máximo dun ano ou privación indefinida.

2. As medidas correctoras serán proporcionadas á infracción e adoptaranse sen prexuízo das responsabilidades administrativas, disciplinarias, civís ou penais esixibles en cada caso.

## **Artigo 25. A alteración da orde da Biblioteca Universitaria**

1. As condutas que causen calquera alteración da orde das bibliotecas da UDC, tales como o uso de móbiles ou outro tipo de aparellos electrónicos que perturben o seu normal funcionamento, ou o incumprimento da prohibición de fumar e o deber de silencio, así como, en xeral, calquera outra conduta que orixine alteracións ou perturbacións, darán lugar a unha medida de advertencia. No caso de non se corrixiñen, suporán a expulsión da biblioteca ata a seguinte xornada.

A adopción e a execución da medida de expulsión corresponderá ao persoal da biblioteca presente, que poderá solicitar a intervención do persoal de seguridade.

2. A reiteración destas condutas dará lugar á suspensión do uso dos servizos bibliotecarios por un período mínimo dun mes e dun máximo dun ano.

A adopción e a execución da medida de suspensión corresponderá á comisión da biblioteca de centro, por proposta da dirección da biblioteca afectada.

## **Artigo 26. A interrupción do acceso aos recursos electrónicos**

O acceso e o emprego dos recursos en formato electrónico contratados pola Biblioteca Universitaria en beneficio das persoas usuarias deberanse suxeitar aos usos autorizados polas empresas e/ou polas persoas editoras ou distribuidoras nos correspondentes contratos de licenza.

A biblioteca poderá interromper o acceso a estes recursos de quen incumpra os termos e as condicións do uso dos materiais obxecto das licenzas.

## **Artigo 27. Prohibición da utilización dos servizos bibliotecarios**

1. Por proposta ben das comisións das bibliotecas de centro ou intercentros, ben da xefatura do Servizo de Biblioteca Universitaria, e logo do informe da Comisión da Biblioteca Universitaria, a reitora ou o reitor poderá resolver prohibirles de maneira temporal ou indefinida a utilización dos servizos bibliotecarios ás persoas que infrinxan este regulamento, segundo a gravidade do caso e sen prexuízo das responsabilidades legais a que haxa lugar.

2. Para apreciar a gravidade dos feitos teranse en conta o grao de resposta da persoa interesada ás advertencias efectuadas polo persoal da biblioteca para que desista da súa conduta, o prexuízo manifesto causado a outras persoas usuarias ou ao patrimonio da UDC e a reincidencia na conduta infractora.

3. O período de privación do servizo bibliotecario contarase a partir do día seguinte ao da notificación da resolución que a acorde á persoa interesada.

4. Nas situacións de extrema gravidade, valoradas pola xefatura do Servizo de Biblioteca, poderase privar de xeito preventivo a persoa infractora da condición de persoa usuaria. Unha vez acordada a medida, a xefatura informará á Comisión da Biblioteca Universitaria, que lle propondrá á reitora ou ao reitor as medidas para tomar.

## **Artigo 28. Devolución de préstamos por perda da condición de persoa usuaria da Biblioteca Universitaria**

As persoas usuarias que perdan a súa condición de usuarias da Biblioteca Universitaria e teñan pendente a devolución de documentos ou de materiais bibliográficos prestados deberanos devolver ou, de ser o caso, repoñer o máis axiña posible e con independencia da data de vencemento do préstamo.

### **Disposición derogatoria. Derrogación normativa**

Queda derogado o Regulamento de organización e funcionamento do Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña aprobado polo Consello de Goberno o 22 de maio de 2028, ademais de cantas normas de inferior ou igual rango se opoñan ao previsto neste regulamento.

### **Disposición final. Entrada en vigor**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

## **ANEXO I. Servizo de Biblioteca da UDC**

### **BIBLIOTECA CENTRAL**

- Sección de Acceso ao Documento
- Sección de Automatización e Proceso Técnico
- Sección de Información e Referencia
- Sección de Xestión das Coleccións

### **BIBLIOTECAS DE CENTROS**

- Biblioteca da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol
- Biblioteca da Escola Técnica Superior de Arquitectura
- Biblioteca da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Biblioteca da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
- Biblioteca da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
- Biblioteca da Facultade de Ciencias
- Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación
- Biblioteca da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
- Biblioteca da Facultade de Dereito
- Biblioteca da Facultade de Economía e Empresa
- Biblioteca da Facultade de Filoloxía
- Biblioteca da Facultade de Informática

### **BIBLIOTECAS INTERCENTROS**

- Biblioteca da Casa do Patín
- Biblioteca da Facultade de Socioloxía e da Facultade de Ciencias da Comunicación
- Biblioteca Universitaria de Oza